

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2014 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xullo de 2014, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico a Festa do Mexillón e do Berberecho de Vilanova de Arousa.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, esta dirección dispón que se publique no *Diario Oficial de Galicia* o acordo adoptado polo Consello da Xunta na súa reunión do 17 de xullo de 2014, que a seguir se transcribe:

«Declarar festa de Galicia de interese turístico, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, a seguinte:

- A Festa do Mexillón e do Berberecho, que se celebra a segunda semana de agosto, no concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra)».

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2014

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: 5bhzyq55-tas7-kme6-wmz6-ctxntww1vv7

